

Teresa Moure: "Todas podemos ser lobos, todas asomamos as orellas porque somos ferozmente de plástico"

Eu violei o lobo feroz é, en moitos aspectos, o primeiro libro da escritora: o primeiro escrito en poesía, o primeiro eroticamente explícito e o primeiro redactado en galego-portugués. Publicado en ATravés, a presentación xa ten data e fica próxima: este 25 de Xullo, ás 19.45h, no Festigal, onde estará acompañada do poeta Rafa Vilar.

Beti Vázquez 24/xul./13

Son as sete do serán dunha tarde calquera do mes de xullo. Estase a gusto nas tabernas. Teresa Moure preséntase sen carapucha, deixando que o ar lle revolva máis aínda o seu cabelo indómito. Pouco a pouco vaise espindo e véñse abrindo, contando o que para ela foi a experiencia de violar un lobo que nunca violou, de xogar cos límites da erótica e da tradición, de contar en verso unha historia que merecía ser contada e de facelo nunha ortografía disidente: o galego-portugués.

É o seu primeiro libro de poesía. Porén, eu non puideren deixar de lelo como un conto.

Si, é certo que é unha poesía moi narrativa onde ao longo do libro segues practicamente unha historia dunha presa que despois é liberada. Hai moitas claves para entendelo en clave de conto.

En xeral, eu non acredito moito nos xéneros. Había moitas veces que escribía ensaio e intercalaba contos. Pasa en *A palabra das fillas de Eva* ou en *O natural é político*. Gosto moito de misturar as técnicas. Creo que non hai xéneros, senón historias que deben ser contadas e utilízanse as ferramentas para contar esa historia. Nese sentido vexo moi audiovisual sempre todo, como un videoclip das cousas que vou escribir e, segundo vexa o videoclip, si me adapto.

Mais eu tiña ganas de publicar algo de poesía porque sempre é o que me reclama o público e neste momento publiquei teatro, novela, relato, xornalismo... creo que todos os xéneros, menos a poesía e hai moitos lectores de poesía en galego. Ten moita tradición a poesía na literatura galega. Así que curiosamente moita xente me dicía: 'poesía para cando?' E neste momento a poesía xurdiu, pareceume unha boa estratexia para esta historia e... alá foi.

Outra cousa das que lle reclamaba o público era a temática erótica.

Si! Sabes por que? Moitas veces a crítica dixo que unha das características da obra narrativa de Teresa Moure era que falaba metaforicamente...

E onde quedou aquí a escritora que insinuaba, mais que non ensinaba?

Aquí quixen ser sexualmente explícita para un texto politicamente explícito. Vivimos tempos de resistencia, de estarmos presas na cadeira ou de camiñarmos pola rúa en pé de guerra, armadas de desconfianza, boicotando as institucións. Neste senso, política e erótica van da man, son unha mesma sensación.

A posibilidade que me deu escribir poesía é a de que as palabras multiplican os seus sentido nunha poesía e permiten que desaloxes moitos mundos interiores en moi pouco tempo e tamén que explores máis eses mundos que queres comunicar. Escribir *Eu violei o lobo feroz* dá pé a escribir máis cousas. Remexeume moito por dentro e produciu moitas ideas. Por iso vexo moi complexo saber detectar até o final as mensaxes que están aí.

O que conta é a historia dunha independentista que vivía un arsenal de dinamita e Galicola. A mensaxe política é clara. Hai tamén certa ironía a respecto das operacións policiais/xudiciais que se seguen contra o independentismo galego?

Si, supoño que si. Mais conste que eu escribín este libro antes dos últimos capítulos desa montaxe [risas] Si que hai un intento de converter un tema que na sociedade e nos medios de comunicación escurecen e facer que apareza explicitamente na literatura. Coa súa carga de ironía, como ti ben dis, mais tamén de transitar por outras cousas.

Ou sexa, o lobo ten unha lectura de amante moi escasa, eu creo que ten unha lectura moi forte de o Estado e as leis. E tamén unha lectura, se fosemos en varios niveis de lectura, en que o lobo poderíamos ser todas. Todas as persoas asomamos as orellas de lobo porque somos ferozmente de plástico. Así que os compromisos fortes que asume esa voz poética da presa independentista son a reclamación dunha violencia que ela non quere.

Ela non é unha personaxe nada violenta, mais chámase todo o tempo violenta porque hai unha creatividade implícita na violencia que é a creatividade que turra dunha sociedade. Así que nese sentido o lobo tamén seríamos os que non nos comprometemos ou non nos comprometemos bastante. Ese lobo é un amante que mesmo no acto sexual está distante, como na sociedade estamos distantes a respecto das metas e dos compromisos asumidos por persoas moi valentes.

Presenta unha voz poética con moita forza mais... sumisa ao mesmo tempo? Como cre que se vai recibir este libro desde o feminismo?

Si, a figura do lobo é ambivalente porque na medida que escribía eu, como feminista, tamén me ía cuestionando iso que dis, como se ía recibir o libro.

Nese sentido, vou pintando a imaxe dunha muller moi apaixonada e moi entregada ás súas causas, moi amorosa na visión máis tradicional. Ela quere ficar entregue, pisoteada polo lobo... son metáforas todas que poden resultar moi fortes desde o feminismo. Si que estaba xogando todo o tempo cos límites. Os límites do que somos cando amamos ou cando desexamos. Quería que tivese forza, que fose auténtica. E creo que si sae unha voz auténtica.

Escolleu unha imaxe dura, 'violar', para rachar... con que tabú? Que a liberdade xorde só ao violarmos as leis?

Si, quería exprimir ese tabú. Non pretendía un volver as tornas. Non pretendía unha reescritura do conto porque violar o lobo feroz parécese que estaba moi claro que tiña que ter unha lectura política. Quería dicir que a soidade infinita da existencia humana racha no político e racha no corpo. Racha no erótico. É un pouco na liña do pornoterrorismo, das femén, de Diana Torres.

Quería reivindicar que moitas das posibilidades políticas que temos agora non son macro. Son micro. Pasan polo terreo da intimidación. Por iso ela apodérase dunha linguaxe violenta que nunca leva a efecto porque non o precisa. Está disposta a entregarse mais reivindica un desexo bestial que ás mulleres non lles foi recoñecido tradicionalmente. Nin postradicionalmente tampouco.

Así que hai aí un terreo para a indefinición, para o creativo.

Queda claro que a presa non acredita nas convencións.

Si, si. Iso é moi insistente. Creo que moitas das loitas que estamos a facer dende o feminismo implican que non queremos o corpo como nolo deron ou a relación co corpo como nola deron, mais non imos repregarnos noutro tipo de convencións. Se estamos aquí é para non repregarnos ás convencións dun amor ditado dunha maneira determinada ou ás convencións dun Estado ditado dunha maneira determinada.

A presa soña coa morte dos irmáns Grimm. Por que ser entón a Carapuchiña?

[risos] Gosto moito desa historia porque se supón que é a historia que nos contaron tradicionalmente para que actuásemos correctamente a respecto da violencia de xénero. A violencia de xénero exerce sobre unha muller, mais recae en todas porque o conto se conta para que te comportes como unha boa nena e non deas lugar a sentenzas da minisaia. Marca as lindes.

Mais ese marcar as lindes fai que as mulleres perdamos autenticidade porque un home pode ser cordial, poder ser confiado, pode confiar na especie humana e pensar na liberación do proletariado. Unha muller non pode confiar porque sempre se supón que tes que atender a que os homes van querer de ti determinada cousa. Así que facerse co desexo de ver o lobo e non permitirche que o lobo che dite por onde debes ir é unha maneira de reconducir a autonomía persoal.

Un orgasmo no tribunal?

[risos] Interésame situar a presa por riba da lei nese momento en que van xulgala, presentala como unha personaxe libertaria. Así que cando lle fan tantas acusacións tan vagas e tan indeterminadas só pode sentir a satisfacción de non ser unha boa rapaza, de non axustarse ás leis. Entón gustoume que tivese esa posibilidade de chegar ao orgasmo ante o tribunal. Parécese que, nesa liña moi punk, está a reivindicación da liberdade total.

Nun irónico post-scritum di que o libro vai dedicado ao lobo. E as presas?

O libro vai moi adicado a elas. De feito, que vai adicado ao lobo dise nese post-scritum que di que a única lectura posíbel é non poética, ou autobiográfica, cando obviamente non son a voz

poética. Intento poñerme unha coiraza fronte á súa lectura posible, para que non sexa simplificado.

Mais claro, non é un manifesto a favor das presas. É algo máis literario, por tanto, máis complexo que pode ser lido, espero, noutras nacións que non teñan este problema. E en realidade non só non violei ninguén, senón que non hai ningún lobo que eu pretenda seducir. É un... un xogo.

Eu violei o lobo feroz é a súa primeira experiencia literaria en galego-portugués. Como a está a vivir? Como acolleron as editoriais a súa mudanza ortográfica?

Ben. Teño que estar moi agradecida a ATravés, que me brinda a posibilidade de publicar despois de pasar a fronteira das normas non recoñecidas. Non podo evitar neste momento sentir que se inaugura unha etapa na medida en que o meu paso non é baladí. Para moitas persoas pode ser unha integración nunha idea ou unha estética, mais eu, como dicía no artigo das encrucilladas, fágoo só por motivos éticos, mais suponme perder voz, perder posibilidade de publicar.

Así que fágoo cun bocado de amargura cara ás editoriais que moito tempo publicaron obras miñas e as venderon e agora de repente se tornan de costas polo feito anecdótico de eu escribir nunha ortografía disidente. Claro, anecdótico sería se non fose tan triste. E se os escritores e as escritoras que asumimos outra norma non nos quedasemos deitados directamente nas marxes. Eu creo que esas editoriais deberían repensar un pouco.

Creo que á volta duns anos o proceso vai ser distinto, que teremos que aguardar. E si convocaría as lectoras e aos lectores a non abandonar aos escritores que tomamos este paso. Creo que é importante que se vexa que hai apoio, que se segue lendo independentemente da ortografía. E convidaría aos escritores e escritoras a se sumaren, porque as loitas teñen que ser colectivas. En ningún caso o fago como un beneficio persoal. Forma parte da loita da presa.

Xa que somos presas diante dun tribunal, quere vostede engadir algo?

[risos] Quero, si. Que o único temor que teño é que este libro, que parte dunha provocación e que ten unha lectura simple, banal, fácil... que sería a da inversión do conto de Carapuchina, erótica sen máis, unido ao tema do independentismo, sexa simplificado na súa complexidade, porque eu si creo que hai moito dos temas que ocuparon a miña literatura até o de agora.

Por exemplo, son presas as que están dentro e tamén son presas as que están fóra suxeitas ao consumismo; hai unha reivindicación dela: si pertencía a un comando armado, mais era un comando ecoloxista radical. Creo que a mesma aposta por quen é o lobo, que non pode ser só unha persoa, non pode ser só un Estado, mais necesitamos esas dúas lecturas e esa idea que apuntaba ao principio de que o lobo poderíamos ser todas... pois merecía unha certa elaboración.